



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### DODRO

*Aprobación das bases reguladoras e da convocatoria do concurso de disfraces do Entroido do Concello de Dodro, ano 2025*

#### ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do mércores 12 de febreiro de 2025, acordou aprobar as bases reguladoras e a convocatoria do Concurso de disfraces do Entroido do Concello de Dodro que a continuación se transcriben:

#### “BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE DODRO, ANO 2025

##### Primeira.- OBXECTO

De conformidade co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, constitúe obxecto das presentes bases establecer o réxime de concesión de premios para o Concurso de disfraces do Entroido, organizado polo Concello de Dodro e que se celebrará o martes 4 de marzo de 2025, no Pavillón de Deportes.

##### Segunda.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Os premios previstos para o concurso regulado nestas bases imputaranse contra o orzamento municipal por importe de 1.335,00 euros.

##### Terceira.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios dos premios previstos nestas bases as persoas físicas, asociacións, entidades e persoas xurídicas legalmente constituídas, así como agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade que cumpran os seguintes requisitos:

- Non estar incurso en ningún dos casos previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non ter co Concello de Dodro débedas ou sancións tributarias en período executivo, agás que se trate de débedas ou sancións tributarias que se atopen aprazadas, fraccionadas o cuxa execución estivese suspensa.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Dodro.

As persoas menores de idade ou que non teñan plena capacidade de obrar que desexen participar deberán facelo sempre coa preceptiva autorización do/a titular da patria potestade ou tutela, segundo modelo anexo a estas bases.

No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, deberá facerse constar na solicitude un representante así como o detalle dos seus membros, dos que se entenderá que asumen os compromisos de execucións e imputan o importe do premio a partes iguais. Todos os membros adquiren a consideración de beneficiario.

##### Cuarta.-RÉXIME DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

Os premios outorgaranse a instancia da persoa solicitante con cargo ao orzamento da Corporación, mediante procedemento de concorrencia competitiva. A súa concesión será motivada e os seus importes non poderán ser revisados nin ampliados.

Atendendo á modalidade de participación no concurso (individual, por parellas ou en grupo) establécense os seguintes premios:

A. CATEGORÍA INDIVIDUAL			
Modalidade	Infantil I (de 0 a 6 anos de idade)	2 premios	60,00 €
	Infantil II (de 7 a 12 anos de idade)	2 premios	60,00 €
	Xuvenil (de 13 a 17 anos de idade)	2 premios	60,00 €
	Persoas adultas (de 18 anos ou máis idade)	2 premios	100,00 €

B. CATEGORÍA POR PARELLAS (2 compoñentes)		C. CATEGORÍA GRUPAL (3 ou máis compoñentes)	
1º premio	150,00 €	1º premio	300,00 €
2º premio	125,00 €	2º premio	200,00 €

#### Quinta.-PUBLICIDADE

Unha vez aprobadas as presentes bases e a convocatoria pola Xunta de Goberno Local, serán obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, publicándose extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

As bases poderanse consultar no taboleiro de anuncios electrónico e páxina web do Concello de Dodro.

#### Sexta.- SOLICITUDE

As solicitudes e inscricións no concurso deberán formularse no modelo normalizado, ANEXO 1 (a, b ou c, segundo corresponda), que se acompaña a estas bases.

Este documento estará asinado polas persoas interesadas ou por quen teña conferida a súa representación e inclúe declaración responsable de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e co Concello de Dodro, así como coa Seguridade Social e de que o/s solicitante/s non se atopa/n en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

No apartado de información adicional da solicitude deberase indicar se as/os participantes requiren unha música específica para a súa intervención no concurso. Se fose así, formalizada a inscrición, proporcionarase a música á organización, en formato mp3, ben en lapis de memoria USB na Casa da Cultura de Dodro ben enviándoa ao enderezo electrónico: [cultura@dodro.gal](mailto:cultura@dodro.gal), indicando na mensaxe o asunto, nome e apelidos e número do rexistro da solicitude no concurso. Non se recollerá música fóra do prazo de inscrición.

#### Sétima.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes poderá realizarse a través dos seguintes medios:

- Rexistro xeral do Concello de Dodro, os días laborables, en horario de 9.00 a 14.00 horas.
- Sede electrónica municipal (<https://sede.dodro.gal/>).
- Por calquera dos procedementos previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Dodro.

Cada asento no rexistro corresponderá única e exclusivamente a unha solicitude de participación. Consideraranse inválidos os asentos no rexistro que conteñan máis dunha solicitude de inscrición.

O prazo para a presentación das solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e finalizará o día 3 de marzo de 2025, ás 14.00 horas.

Dentro do prazo establecido, poderase contactar co Servizo Municipal de Cultura no 981 802 472 para realizar as consultas que fosen necesarias sobre este procedemento e a súa tramitación.

#### Oitava.- MECÁNICA DO CONCURSO

As persoas inscritas no concurso deberán presentarse no Pavillón de Deportes de Dodro o día 4 de marzo de 2025, entre as 16.30 e as 17.00 horas, para recoller o dorsal asignado, no que se sinalará a categoría na que participan e a orde de saída ou actuación. Será condición obrigatoria recoller o dorsal nese horario para participar no concurso.

A hora estimada de inicio da actividade será ás 17.30 horas. A continuación os/as participantes desfilarán e actuarán diante do xurado para a valoración dos seus disfraces.

Logo de rematado o desfile, o xurado, atendendo ás puntuacións adxudicadas a cada candidatura, levantará acta do concurso coa proposta dos premiados para a posterior resolución administrativa da concesión dos premios.

A organización poderá descualificar aquelas propostas que exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas e vexatorias e que violenten a dignidade doutras persoas, alén do marco de irreverencia e transgresión festiva propios do Entroido.

#### Novena.-PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento a seguir será o regulado no Capítulo II do Título I da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, mediante un procedemento de concorrencia competitiva.

O órgano de instrución do procedemento será a Concellería delegada de Cultura e Patrimonio.

O órgano colexiado encargado de avaliar aos concursantes estará formada por un xurado imparcial cuxa composición será a seguinte:

- Presidente: Concelleiro de Cultura e Patrimonio.
- Secretaria: animadora cultural do Concello de Dodro.
- Vogal 1: encargada da Biblioteca Municipal de Dodro.
- Vogal 2: un/unha representante do tecido asociativo municipal ou axente social do territorio.

No caso de que fose necesario, o Alcalde- Presidente designará suplentes para os membros do xurado.

O réxime xurídico e de funcionamento do xurado será o disposto nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Os membros do xurado deberán coidar de respectar as causas de abstención previstas no artigo 23.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, comunicando por escrito á Alcaldía-Presidencia de maneira inmediata unha vez teñan coñecemento da existencia de calquera causa en que incorresen. Do mesmo xeito os membros do xurado poderán ser obxecto de recusación polos concursantes en calquera momento do procedemento por incorrer en causa de abstención.

Os criterios de valoración empregados polo xurado serán os seguintes:

Criterios
1. Elaboración artesanal do disfrace e laboriosidade do deseño
2. Reciclaxe e uso de materiais de refugallo na creación do disfrace
3. Orixinalidade, creatividade, singularidade e innovación da proposta
4. Caracterización ou logro na representación
4. Posta en escena, animación musical, capacidade de interacción co público
5. Uso do humor, da sátira e crítica social
6. Conservación do Entroido tradicional galego
7. Representación de elementos propios da cultura galega (material e inmaterial)

O xurado valorará o cumprimento dos aspectos indicados e outorgará as seguintes puntuacións, segundo o cumprimento sexa baixo (0 puntos), moderado (1 punto), alto (2 puntos) e moi alto (4 puntos). A puntuación total da candidatura ou proposta será a suma obtida das valoracións de cada membro do tribunal do conxunto dos criterios.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar deserto algún premio, se ao seu xuízo non se reúnen os méritos suficientes.

Tras a deliberación, os membros do xurado levantarán acta, debidamente asinada. Este documento incluirá como mínimo a baremación de todos os concursantes mediante o sistema previsto, por orde de maior a menor puntuación e por categoría, así como a proposta dos premiados.

Recibida a proposta do xurado, o órgano instrutor procederá a:

1. Solicitar os correspondentes informes dos servizos municipais da non concorrencia das persoas premiadas nalguna das circunstancias previstas na base terceira para obter subvencións (que foron obxecto de declaración responsable) mediante a petición dos certificados e consulta telemática aos organismos e entidades correspondentes.

2. Requirir aos premiados para que no prazo de dez días hábiles acheguen a seguinte documentación:

a. Acreditación da identidade e no seu caso representación legal dos premiados:

- As persoas físicas mediante a achega do DNI.
- Os/as titores/as ou titulares da patria potestade dos/as premiados/as, menores de idade ou que non teñen capacidade para obrar, mediante a achega do libro de familia, sentenza xudicial ou título suficiente que acredite a representación.
- No suposto de ser unha asociación ou entidade con personalidade xurídica, mediante achega do CIF da entidade e DNI do/a representante, xunto coa acreditación de poder ou nomeamento para actuar en nome da entidade.

b. Achega dun certificado de núm. IBAN da conta bancaria cuxos titulares sexan as persoas premiadas ou os/as seus/súas representantes legais ou de ser o caso, da entidade premiada.

A non presentación desta documentación no prazo establecido (10 días hábiles) ocasionará a perda do dereito á percepción do premio.

O órgano instrutor á vista do expediente e do informe do xurado, formulará a proposta do acordo de concesión dos premios en favor daqueles premiados que acreditasen o cumprimento das bases e achegasen a documentación requirida, ou na súa falta, aos concursantes coa seguinte maior puntuación segundo a baremación feita polo xurado que cumprisen co disposto nesta base.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para unha vez vista a proposta e a fiscalización da intervención municipal, aprobar a concesión dos premios mediante acordo motivado.

A notificación dos actos de tramitación e resolución do procedemento será publicada aos interesados no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Dodro, medio exclusivo de notificación de conformidade co disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **Décima.- PAGO DOS PREMIOS**

O pagamento dos premios concedidos efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polas persoas premiadas ou representantes, aplicándose as retencións fiscais oportunas, segundo a normativa tributaria vixente.

No suposto de premios compartidos por unha pluralidade de persoas, o pago será prorrateado a partes iguais entre todas as persoas premiadas que cumprisen o disposto nestas bases e achegasen a documentación requirida.

#### **Undécima.- DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A participación no concurso previsto nestas bases implica polos participantes e representantes legais a aceptación incondicionada das seguintes cláusulas:

- A autorización ao Concello de Dodro ao tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado pola entidade, de conformidade coa normativa vixente. O responsable do tratamento dos datos, recollidos neste procedemento, será o Concello de Dodro. A finalidade do seu tratamento será o Concurso de disfraces do Entroido do Concello de Dodro, ano 2025 e as correspondentes xestións derivadas do mesmo. A persoa interesada poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, presentando a solicitude e acreditando a identidade en Tallós, 32. 15981, Dodro (A Coruña) ou mediante correo electrónico a [info@dodro.gal](mailto:info@dodro.gal).
- A autorización ao Concello de Dodro á publicación dos datos das persoas gañadoras e importe dos premios na Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade coa lexislación vixente.
- A autorización ao Concello de Dodro para a gravación de fotografías e vídeos dos participantes no marco do concurso e os seus actos ou actividades, así como á súa publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade, con fins divulgativos e promocionais.

#### **Duodécima.-INSPECCIÓN E CONTROL**

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades premiadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa das mesmas, en particular a información de estar ao corrente dos deberes tributarios e coa Seguridade Social e de non estar incurso en causa que impida a obtención de subvencións públicas, así como a requirir aos premiados nos termos que precise de conformidade co disposto no Título III da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **Decimo terceira.-INFRACCIÓN E SANCIÓN**

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación do premio para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento do deber de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras Administracións Públicas, constituirán causa determinante para a revogación do premio concedido, coa seguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos, dará lugar á cancelación do premio e o deber do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza no previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

**Decimo cuarta.-COMPROMISOS**

As persoas que resulten beneficiarias dos premios comprométense a:

- Comunicar ao Concello por escrito, cando proceda, a obtención de premios, subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público.
- Comunicar ao Concello, por escrito, as modificacións da situación, condición ou circunstancias que motivaron a concesión.
- Autorizar ao Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ao corrente de deberes tributarios, coa Seguridade Social e de non estar incurso en causa que impida a obtención de subvencións públicas.
- A participación no Concurso de Disfraces do Entroido do Concello de Dodro implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

No non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o regulamento xeral de subvencións a Lei reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei de Facendas Locais.

**ANEXO I a- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO****(Modelo para participación individual - persoas maiores de idade)****DATOS DO CONCURSO**

DENOMINACIÓN CONCURSO	CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO DO CONCELLO DE DODRO, ANO 2025
NOME DO DISFRACE	
CATEGORÍA	INDIVIDUAL PERSOAS ADULTAS

**DATOS DO/A CONCURSANTE**

NOME E APELIDOS	
NIF	
DOMICILIO FISCAL (endereço)	
CORREO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO/S	

**DECLARA QUE:**

· Coñece o contido das bases reguladoras do concurso aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Dodro o día ..... e que acepta cumprir, incondicionalmente, os deberes derivados das mesmas.

· Está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, a ATRIGA, a Seguridade Social e co Concello de Dodro, así como coa Seguridade Social e non se atopa en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

· No suposto de ser premiado/a, autoriza ao Concello de Dodro para solicitar telematicamente os certificados e informes de estar ao corrente cos deberes tributarios e da Seguridade Social dos organismos titulares desta información.

· Acompaña a seguinte documentación adicional esixida polas bases no apartado 6:

Música específica da actuación (título)	
---	--

**SOLICITA:**

Presentar a súa candidatura no Concurso de disfraces do Entroido do Concello de Dodro, ano 2025, na modalidade sinalada.

Asinado.

**ANEXO I b - SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO****(Modelo para a participación individual - persoas menores de idade ou sen plena capacidade de obrar)****(A) DATOS DO CONCURSO**

DENOMINACIÓN CONCURSO	CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO DO CONCELLO DE DODRO, ANO 2025							
NOME DO DISFRACE								
CATEGORÍA (SINALAR CUN X)	INFANTIL 0-6 ANOS		INFANTIL 7-12 ANOS		XUVENIL 13-17 ANOS		PERSOAS ADULTAS 18 ANOS OU +	

**(B) DATOS DO/A CONCURSANTE**

NOME E APELIDOS	
NIF	
DOMICILIO FISCAL (endereço)	

**(C) DATOS DO/A TITOR/A OU TITULAR DA PATRIA POTESTADE**

NOME E APELIDOS	
NIF	
DOMICILIO FISCAL (endereço)	
CORREO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

**Como representante legal do/a concursante (B) que figura no encabezado,****DECLARA QUE:**

· Autoriza expresamente ao/á concursante (B) a participar no Concurso de disfraces do Entroido do Concello de Dodro, ano 2025. Coñece o contido das bases reguladoras do concurso aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Dodro o día ..... e acepta cumprir, incondicionalmente, os deberes derivados das mesmas, no seu nome e representación.

· Está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, a ATRIGA, a Seguridade Social e co Concello de Dodro, así como coa Seguridade Social e non se atopa en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

· No suposto de ser premiado/a, autoriza ao Concello de Dodro para solicitar telematicamente os certificados e informes de estar ao corrente cos deberes tributarios e da Seguridade Social dos organismos titulares desta información.

· Acompaña a seguinte documentación adicional esixida polas bases no apartado 6:

Música específica da actuación (título)	
---	--

**SOLICITA:**

Presentar a súa candidatura, no nome e representación do concursante (B), no Concurso de disfraces do Entroido do Concello de Dodro, ano 2025, na modalidade sinalada.

Asinado.

**ANEXO I c- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO**  
(Modelo para a participación dunha pluralidade de persoas)

**DATOS DO CONCURSO**

DENOMINACIÓN CONCURSO	CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO DO CONCELLO DE DODRO, ANO 2025
NOME DO DISFRACE	
Nº DE COMPOÑENTES	

**NO CASO DE ENTIDADES/ASOCIACIÓNS LEGALMENTE CONSTITUÍDAS**

NOME	
CIF	
ENDEREZO	
PERSOA REPRESENTANTE	
NIF	
CARGO	
TELÉFONO	

**NO CASO DE AGRUPACIÓNS SEN PERSONALIDADE XURÍDICA**

**ACORDO DE CONSTITUCIÓN DA AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS SEN PERSONALIDADE XURÍDICA**

As persoas que se relacionan a continuación, acordan constituirse como agrupación de persoas físicas sen personalidade xurídica denominada \_\_\_\_\_ en data \_\_\_\_\_ co obxecto e finalidade de participar no Concurso de disfraces de Entroido do Concello de Dodro, ano 2025.

**DATOS DOS/AS CONCURSANTES**

**AVISO IMPORTANTE:** Os/as concursantes menores de idade ou sen plena capacidade de obrar deberán acompañar os datos e sinatura dos/as representantes legais.

CONCURSANTE NOME E APELIDOS	CONCURSANTE NIF	DOMICILIO	SINATURA	REPRESENTANTE NOME E APELIDOS	REPRESENTANTE NIF	SINATURA



**DECLARAN QUE:**

· Os/as titores/as ou representantes legais dos/as concursantes, autorizan aos/ás seus/súas representados/as a participar no Concurso de disfraces do Entroido do Concello de Dodro, ano 2025. Coñecen o contido das bases reguladoras do concurso aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Dodro o día ..... e aceptan cumprir, incondicionalmente, os deberes derivados das mesmas, no seu nome e representación.

· No caso de participar en nome propio, coñecen o contido das bases reguladoras do concurso aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Dodro o día ..... e aceptan cumprir, incondicionalmente, os deberes derivados das mesmas.

· Están ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, a ATRIGA, a Seguridade Social e co Concello de Dodro, así como coa Seguridade Social e non se atopan en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

· No suposto de ser premiados/as, autorizan ao Concello de Dodro para solicitar telematicamente os certificados e informes de estar ao corrente cos deberes tributarios e da Seguridade Social dos organismos titulares desta información.

· Segundo o disposto no artigo 11 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, as persoas que figuran na relación anterior asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención, no caso de percibir premio aplicarase mediante a súa división entre o número de membros, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

· Nomean como representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación a:

NOME E APELIDOS	NIF	DOMICILIO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

· Que a agrupación non poderá disolverse ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Acompañan a seguinte documentación adicional esixida polas bases no apartado 6:

Música específica da actuación (título)	
---	--

**SOLICITAN:**

Presentar a súa candidatura conxunta no Concurso de disfraces do Entroido do Concello de Dodro, ano 2025, na modalidade sinalada. “

Dodro, 13 de febreiro de 2025

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

2025/1037